

GRAMÁTICA 2º TRIMESTRE

PROBA DE RECUPERACIÓN

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN, cando era Presidente da Real Academia Galega, Faro de Vigo, 250-8-2008

O mito da Torre de Babel e da confusión das linguas **gozou** e **goza** dunha rara popularidade. Segundo el, houbo un día feliz no que todos os homes **falaban** a mesma lingua e nela se **entendían**. Logo, pola súa soberbia, foron castigados e cada grupo **falou** dunha diferente maneira, así que, sendo humanos e falantes, deixaron de comprenderse universalmente. Procedente da Biblia, o mito de Babel e da maldición que supón a pluralidade das linguas humanas áchase moi enraizado e estendido. Naturalmente o mito de Babel explica como un castigo de Deus un paradoxo sobre o cal os humanos temos reflexionado escasamente: aquilo que nos caracteriza como especie é a facultade dunha linguaxe con primeira e segunda articulación que se organiza gramaticalmente. Ora ben, ese sistema de signos que é a lingua non é só un sistema de signos, senón moitos milleiros de sistemas de signos. A lingua humana non **existe**: existen unicamente as linguas humanas. O que é propio e distintivo da lingua humana é o feito de que se manifesta en forma de linguas humanas. A maldición de Babel consiste en que a comunicación humana proxecta coma unha sombra imprescindible a incomunicación entre humanos. Perante o pluralismo lingüístico a actitude máis estendida é a máis primitiva: **paliemos** o mal adaptando a unha lingua superior as outras linguas. Esta lingua superior soe ser a dun pobo militarista, expansionista e predador de pobos máis febles: latín, grego alexandrino, castelán. O colonizado, perante o colonizador, séntese ínfimo, diferente, bárbaro. Unha vez que interiormente se rende, o colonizado sente que unha forma de se liberar (naturalmente falsa) é a adopción da lingua dos seus señores e o abandono da lingua da súa tradición. É así como se producen as grandes asimilacións, como é a entrega de moitos galegos á lingua do imperio castelán. O colonizado **seguirá** a ser explotado pero, ao falar coma o Amo, sentirase falsamente situado á altura del. Contra a maldición de Babel tamén foi formulada unha solución culta e aparentemente progresista: a fabricación dunha lingua universal que sirva para todos os humanos. Curros, en transo, traxicómico, pretendeu que esa lingua universal **chegase** a ser o galego. Pero moi en serio foron ideadas varias linguas artificiais, coma a volapük e o esperanto. A aspiración utópica dos seus inventores non tivo éxito: hoxe só son hábiles en esperanto os esperantistas. Para Castela, nunha imaxe parabólica xenial, un can ladra igual na China que en Rianxo. "É que os cans aínda están na lingua universal"-considera o mestre. O home e a muller avanzados do noso tempo saben que, ademais da súa propia, herdada ou escolleita, é un ben coñecer outras linguas e, con elas, outras culturas e outras literaturas. Só os primitivos contemporáneos senten que hai linguas mellores que outras e cada vez as minoritarias ou "inútiles" son máis estudadas por políglotas e simpatizantes estranxeiros. O galego, que non é para nada unha lingua minoritaria, máis si inferiorizada e rexeitada por algúns colonizados, é procurado e estudado por centos de mozos e mozas do mundo enteiro nos nosos días.

- 1.- Indica o tempo e modo das formas verbais regulares salientadas en grosa no texto e divídeas nos seus constituíntes morfolóxicos.
- 2.- Copia tres verbos irregulares que haxa no texto. Conxuga un deles en antepretérito de indicativo; outro, en presente de subxuntivo e outro, en futuro de subxuntivo.
- 3.- Anota as perífrases verbais e clasifícaaas.

4.- Localiza, no 3º parágrafo, un verbo da terceira conjugación que teña alternancia vocálica e conxúgao en presente de indicativo e mais en presente de subxuntivo (todas as persoas).

5.- No último parágrafo hai un participio irregular, di cal é.

6.- Na oración *pretendeu que esa lingua universal chegase a ser o galego*, di se se podería empregar ou non o antepretérito (chegara) en lugar de *chegase*. Explica a túa resposta.

7.- Reescribe estas tres expresións do texto poñéndooas en plural e conxugando o infinitivo, se se pode. Na/s que non se poida explica por que.

o colonizado sente que unha forma de se liberar :

Esta lingua superior soe ser:

é un ben coñecer outras linguas: (nós)

8.- Completa co verbo *coñecer* no tempo que corresponda: *Quizais ti a ese rapaz.*

9.- Di a que clase de palabra pertencen as subliñadas no texto. As que sexan adverbios e conxuncións indica tamén de que tipo son. No caso da palabra *que*, recorda que pode ser diferentes cousas segundo o contexto, así que indica a cal te refires en cada caso.